

## O PODER DAS PALABRAS

“Barallando libros” e “Barallando saberes” son os nomes do noso club de lectura e do blog que recolle as actividades e realizacións da nosa biblioteca respectivamente.

Estivéronse aplicando estes días as probas de avaliación de diagnóstico que en anos anteriores poñían en entredito, amén doutras moitas, a competencia lectora dos nosos escolares. Aínda que este tema daría moito de si (pero iso deixáremolo para outro día) cómpre artellar un novo xeito de ensinar e de aprender, de que o noso alumnado desenvolva destrezas e habilidades para afrontar con éxito as continuas probas que lles pon a vida. As bibliotecas escolares non poden ser alleas a estas necesidades.

Gustaríame deixar claro dende o comezo que o club de lectura non é a panacea para solucionar todos os problemas de aprendizaxe que poden ter os nosos escolares. Pero si o é a lectura. Di o RD sobre ensinanzas mínimas “A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros deberán garantir na práctica docente de todas as materias un tempo adicado á mesma en todos os cursos da etapa”

O club de lectura é un instrumento máis dos moitos que empregamos desde a biblioteca do noso centro (hora de ler, xinkana cultural, libro viaxeiro, mochilas viaxeiras...) para achegar ao alumnado ao libro, á lectura, que lles proporcionará o alimento que dá vida ao cerebro: as palabras.

Di Emili Teixidor, a quen moitos/as dos aquí presentes tivemos a sorte de enriquecernos coa súa sabiduría nunha das xornadas de BBEE :

“La lectura nos proporciona el alimento que da vida al cerebro: las palabras, los signos, las ideas...el pensamiento.

Somos humanos porque tenemos palabras y podemos hablar con los demás y con nosotros mismos. Cuantas más palabras tenemos, más humanos somos.

.....Las palabras, la literatura, nos limpian, nos purifican, nos salvan.

Leer y hablar nos da felicidad, nos hace salir de nosotros mismos y nos libera”

Esta é a carta de presentación do noso club de lectura. O poder das palabras.

Palabras para COÑECER O MUNDO

Palabras para COÑECER E VIVIR OUTROS MUNDOS

Palabras que nos deixan OS QUE XA NON ESTÁN

Palabras que son A NOSA TESTEMUÑA cando o noso cerebro non é quen de organizalas.

Palabras para APRENDER

Palabras para DARNOS VIDA

Palabras para POR EN ORDE A NOSA MENTE

Palabras para PODER EXPRESARNOS E COMUNICAR todo aquilo que, de non facelo, acabaría matándonos.

Iso é o que pretendemos no club de lectura e así poder acadar as competencias básicas de cara a unha educación integral.

As lecturas que facemos abordámolas sempre de xeito interdisciplinar. Así, é máis factible abranguer todas as competencias.

¿Como axuda esta situación de aprendizaxe, o club de lectura, á adquisición das competencias básicas?

Antes de nada habería que ver que entendemos por competencia. Unha definición podería ser:

A capacidade ou habilidade de efectuar tarefas ou facer fronte a situacións diversas de forma eficaz, nun contexto determinado, empregando coñecementos, procedementos e actitudes ao mesmo tempo e de xeito interrelacionado.

O club de lectura necesita, emprega e, por tanto, exercita e etimula as competencias básicas das que falarei de seguido.

Imos poñer un exemplo:

Un dos libros que lemos foi “Donde aprenden a volar las gaviotas” de Ana Alcolea.

#### Competencia en comunicación lingüística:

É a máis transversal de todas debido ao seu carácter instrumental. Destaco estas dimensións:

Falar e escoitar.

Ler.

Escribir.

Lectura e comprensión do libro. (Competencia lectora)

Comunicación oral sobre o que lle di o libro a cada quen (resumo, ideas principais)

Elaboración, por grupos, de documentos relacionados con aspectos do libro: efectos dunha guerra; o bacalao, o peixe que alimentou o mundo; amor e honor; un espectáculo natural, relacionado coas paisaxes naturais que se describen no libro; oficios en vías de extinción, en relación co oficio de fareiro do que se fala no libro (competencia en comunicación escrita: expresión, orden e coherencia)

O protagonista aprende que poder conteñen as palabras, (título desta comunicación) porque grazas aos diarios atopados na caixa misteriosa, Elsa, a avoa do seu amigo, pode reencontrarse con aquel frustrado amor de xuventude.

#### Competencia social e cidadá:

Onde está Noruega? (Búsqueda de información sobre os datos relevantes: onde se sitúa, que idioma se fala, como é a súa costa, que se come...)

Ambientación do libro (país, época, realidade social)

Búsqueda de información sobre o holocausto xudeo en Noruega.

Comparación coa propia realidade social.

Argumentación das propias opinións.

Escoita e valoración crítica das opinións dos demais.

Actitude de respecto cara os demais.

Colaboración cos compañeiros e compañeiras para a elaboración de traballos sobre o libro.

Conciencia de pertenza a un grupo de amigos/as cos que se pasa ben e dos que se pode aprender moitas cousas. (É increíble a cantidade e variedade de coñecementos que teñen relacionados cos temas que tratan os libros)

Hai que destacar a importancia das lecturas compartidas. Este é o camiño que toma a lectura actualmente: compartila cos amigos nas redes sociais, ver o que len eles..

#### Competencia dixital:

Uso dos e-readers e e-books.

Elaboración de traballos en soporte dixital usando as novas tecnoloxías da información e a comunicación para a busca, selección e organización da información.

Intercambio comunicativo, envío de aportacións ao coordinador a través de medios dixitais (correo electrónico), publicación dos traballos no blogue da biblioteca.

#### Competencia cultural e artística:

Apreciar o patrimonio cultural e artístico do país no que está ambientado o libro (Noruega)

Que sabemos dos vikingos? (Como ían vestidos, como construían os seus barcos, como eran as súas casas..)

Noruegueses ilustres: entre eles o escritor Roald Dahl, de ascendencia noruega, e o músico Grieg.

#### Competencia para aprender a aprender:

Este hábito de traballo facilita no alumnado certa soltura para abordar calquera tarefa.

O alumnado é consciente da utilidade dos coñecementos adquiridos mediante a lectura aínda que non teñan unha aplicación inmediata. Estes coñecementos utilizaranse logo nas distintas áreas do currículo.

As distintas competencias entrecrúzanse para acadar o que se lles propón. Todas as estratexias irán encamiñadas a un fin: acadar as maiores cotas de autonomía e iniciativa persoal

#### Autonomía e iniciativa persoal:

Consecuencia coa decisión de pertencer ao club de lectura.

Desenvolvemento de habilidades para traballar en equipo.

Uso do diálogo para superar os conflitos.

Volvo incidir no tratamento interdisciplinar e de valores dos libros lidos. Por medio das distintas áreas contribúese ao desenvolvemento das diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas acadarase como consecuencia do traballo en varias áreas. Dito doutro xeito: traballar de forma competencial implica traballar os contidos de forma integrada.

Outro aspecto a ter en conta é o das aprendizaxes significativas: aquilo que vemos, que vivimos e experimentamos, resúltanos máis asequible e raramente se esquece. Personalmente lembro as dificultades que tiña de neno para aprender o catecismo porque a linguaxe dos textos non a

comprendía, estaba nunha dimensión diferente da que eu vivía. No noso club de lectura cada ano organizamos un roteiro literario acorde a algún dos libros que lemos, que á súa vez teñen relación co proxecto documental que traballamos ese curso ou coas súas efemérides. Precisamente para iso: para que a aprendizaxe sexa significativa, para conectar a teoría coa realidade

Deste xeito fixemos os seguintes roteiros literarios:

1. O Courel e a Devesa de Rogueira

Tema: Ano internacional dos bosques.

Libros: “O home que prantaba árbores” (Jean Giono)

“Os eidos” (Uxío Novoneyra)

Facendo o percorrido, as mensaxes que nos queren transmitir os seus autores cobran un sentido total.

2. Roteiro Fiz Vergara Vilariño.

Tema: “Culturas do mundo”

Libros do poeta:

“Poeta muiñeiro á deriva”

“Nos eidos da bremanza”

“Pastora de sorrisos”

“Animal sen fel”

Obxectivo: Coñecer a obra dun poeta da nosa provincia, da nosa zona, moi próximo á nosa cultura, pechado na súa Lúzara natal e na súa discapacidade. Coñecemento xeográfico e aproximación ao léxico louzariño.

3. Viaxe pola costa de Lugo.

Tema: Cine e Literatura.

Libros/filmes:

“De profundis” de Miguelanxo Prado.

“A noite do Risón” de Gonzalo Moure.

Obxectivo: Tomar contacto cos elementos principais destas obras: o mar, os faros, as belezas do mar, a Praia das catedrais, a casa de indianos protagonista en “De profundis”, O bar “O Risón”, en Castropol, onde se contan as historias dos vellos mariñeiros.

Penso que eses libros nunca os esquecerán.

De paso visitamos Mondoñedo, terra de escritores: Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Álvaro Cunqueiro; alimentamos a narrativa de tradición oral na Cova do Rei Cintolo e na Ponte do Pasatempo; e tomamos contacto con pasados artiluxios movidos pola forza da auga no conxunto etnográfico da Galea.

.....

A xeito de conclusión:

A nivel do alumnado:

Neste club de lectura levamos unha traxectoria de tres cursos sendo os integrantes as mesmas persoas na práctica totalidade. A rodaxe nótase en todos os aspectos relacionados co club e, o que é máis importante, trascende fóra do mesmo na maneira de facer e nos resultados obtidos.

As habilidades que mellor se desenvolven no club de lectura son as lingüísticas e sociais.

As aprendizaxes mellor valoradas polo alumnado son as que conectan coa realidade. Non é o mesmo traballar sobre “Os Eidos” de Novoneyra alonxados da realidade, que poder comprobar directamente os “tesos cumes que ollan dende lonxe”, ou baixar, como o lobo, polo ollo do bosco movendo nas flairas dos teixos e ruxindo na folla dos carreiros.

No tocante ao alumnado con maiores dificultades en comunicación lingüística e menos autonomía, o club de lectura sévelles para sentirse membros dun colectivo que os acepta como son, no que teñen cabida e

algo que dicir, orgullosos de sentirse partícipes dun traballo común e coa autoestima reforzada.

Gustaríame resaltar que a educación ha de ter unha función social. Debe ser para todos. Non podemos vivir anclados nun concepto selectivo de ensino, inaceptable nunha sociedade democrática.

A nivel social e de centro:

Os membros do club de lectura pertencen ao sector do alumnado. Non hai interrelación directa cos restantes sectores da comunidade educativa. Non desbotamos a posibilidade de que en futuras convocatorias se organice dese xeito.

É importante para o centro a existencia dun club de lectura porque contribúe á creación dun ambiente cultural á vez que comparte con toda a comunidade educativa os seus logros e traballos: entre o resto de compañeiros e compañeiras, nas familias, co profesorado, a través do blogue de biblioteca ou da revista escolar.

*Delio Chao Lolo (mediador do club de lectura "Barallando libros" do CPI "Luís Díaz Moreno" de Baralla-Lugo)*

Referencias e bibliografía:

ZABALA, ANTONI; ARNAU, LAIA (2007): 11 ideas clave. Cómo aprender y enseñar competencias. Barcelona. Graó.

ESCAMILLA, AMPARO (2008): Las competencias básicas. Claves y propuestas para su desarrollo en los centros. Barcelona. Graó.

NOVONEYRA, UXÍO (2002): Os eidos. Vigo. Edicións Xerais de Galicia S.A.

TEIXIDOR, EMILI (2007): La lectura y la vida. Barcelona. Booket.

Real Decreto sobre Enseñanzas Mínimas.